

UNHA COMEDIA INCENDIARIA DE ÁRTIKA CÍA

MARTÍN MAEZ ROCÍO SALGADO

MARCOS ALONSO FERNANDA BARRIO

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY I DIRIXIDA POR TITO ASOREY





NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

“Se algo nos ensina o pasado é que o triunfo do fascismo só se entende anos despois: no momento parece inadvertido, non o vemos vir, non cremos que poida pasarnos a nós. Sempre é demasiado tarde”

Isaac Rosa, escritor

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY



Non Pasarán é a nova creación escénica da compañía **Ártika**, con autoría e dirección de **Vanessa Sotelo** e **Tito Asorey**.

Esta obra, versión libre de ***Biedermann e os incendiarios*** do dramaturgo suízo **Max Frisch**, explora a través do **teatro político e a comedia negra** o inquietante auxe da extrema dereita en todo o mundo. Unha proposta que busca non só entreter, senón tamén provocar unha profunda reflexión sobre as responsabilidades individuais e colectivas fronte a esta ameaza.

Nun contexto global onde as democracias parecen cambalearse, *Non Pasarán* é un convite a cuestionar o presente e a non permanecer indiferentes ante o perigo.

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY



O combustible: Orixe da obra

Non Pasarán nace da colaboración entre a Compañía Ártika, e os destacados creadores de teatro contemporáneo galego Tito Asorey e Vanesa Sotelo. Xuntos, crean **unha obra que combina o teatro político coa comedia negra para abordar o ascenso de gobernos de extrema dereita e o seu impacto nas democracias.** Fronte a un panorama internacional dominado por figuras como Trump, Bolsonaro, Milei e Meloni, o espectáculo indaga nas causas que permitiron o rexurdimento de ideoloxías que se crían derrotadas no século XX, cuestionando como conceptos esenciais como a igualdade e a solidariedade están a ser ameazados.

Fronte a esta realidade, o teatro preséntase como unha ferramenta clave para comprender os cambios sociais e reflexionar sobre preguntas urxentes, como a permanencia do que Umberto Eco chamou o “fascismo eterno”, como a liberdade foi distorsionada por discursos populistas ou por que a sociedade permitiu que isto ocorra sen actuar en consecuencia.

Con estas interrogantes, ***Non Pasarán*** busca sacudir conciencias e promover o debate sobre o futuro da democracia e a necesidade de defender os valores fundamentais.



NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

“O fascismo disfrázase. deféndese unha sociedade de loiros de metro oitenta, disfrázase de Hitler. Deféndese a bravura da raza española, do ridículo Franco. Deféndese unha Italia machista, disfrázase de muller. Se os demócratas non saben detectalo, se non abandonan dunha vez por todas o papel de respecto e convivencia mal entendida, se non entenden que ante os intolerantes só cabe a intolerancia absoluta, castigo e persecución continua, volveremos a pasalo mal. Non sabemos se Europa voltará a ser a tumba do fascismo.

Si sabemos que a tolerancia está cavando a súa propia tumba”

Gerardo Tecé, xornalista

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

A historia orixinal de Max Frisch *Biedermann e os incendiarios* é unha sátira radiofónica sobre a pasividade da burguesía alemá fronte ao ascenso do nazismo, na que un matrimonio acolle a dous descoñecidos na súa casa, que terminan destruíndoa coa súa complicidade.

Setenta anos despois, a obra de Vanesa Sotelo e Tito Asorey retoma esa crítica e adáptaa a un contexto global actual, marcado polo rexurdimento da extrema dereita e o ataque aos valores democráticos. **Con todo, en lugar de centrarse na ameaza externa, a obra enfócase na responsabilidade de quen permite que estas ideoloxías prosperen.**

A diferenza do pesimismo de Frisch sobre a incapacidade do ser humano para aprender dos seus erros, ***Non Pasarán*** quiere reflexionar colectivamente e espertar conciencias, abordando temas como a desmobilización política, a impotencia fronte os cambios sociais e a suspensión da realidade, nun tempo onde as clases sociais parecen desaparecer, pero os conflitos persisten.

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY



As brasas: Sinopse

Non Pasarán desenvólvese nun país/ lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: “Non pasarán”, un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade.

Con todo, Cándido e a súa filla Ana acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá. Incapaces de defender os seus propios principios, os personaxes vense atrapados nunha espiral de renuncias e comportamentos que os levará á destrución, converténdose finalmente en cómplices incendiarios do seu propio fogar.



NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

“A retórica do fascismo xa non se limita a un submundo segredo, estase convertindo en parte do discurso cotiá normalizado”

Zeid Ra'ad Al-Husein, Alto Comisionado da ONU en Dereitos Humanos

NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY



O incendio: Sobre o espectáculo

Non Pasarán - obra dirixida a un público adulto- emprega os mecanismos da comedia negra para conformar unha sátira política e social. A través dunha posta en escena vibrante e cargada de humor, a obra aborda unha pregunta central: **é posible ser tolerante con aqueles que promoven a intolerancia?**

A proposta erixese sobre os ombreiros de *Biedermann e os incendiarios* (Max Frisch) adaptándoa á realidade contemporánea, e busca provocar ao espectador, facéndolle saír do teatro con ganas de debater sobre os desafíos sociais e políticos e cuestionar o que vivimos como sociedade nesta segunda década o século XXI, que por momentos parece un espello cóncavo, **un *black mirror* dos anos 20 do século XX.**

Un espectáculo que mestura realismo con teatro do absurdo e que non pretende ser didáctico nin dogmático; pola contra, xoga coas ambigüidades e as zonas grises do problema que expón, afastándose do panfleto para abrir espazos de reflexión e debate.



NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

Experiencia inmersiva

A escenografía de ***Non Pasarán***, deseñada por **Carlos Alonso**, recrea un fogar burgués contemporáneo que vai sendo progresivamente invadido polos incendiarios, ata transformarse nunha pira a piques de ser acendida polo propio Cándido.

Esta proposta escenográfica complementase cun deseño de iluminación poderoso, a cargo de **Laura Iturralde**, e unha banda sonora orixinal composta por **Xavi Bértolo**.

Esta combinación de elementos visuais e sonoros converte a ***Non Pasarán*** nunha experiencia sensorial e inmersiva que vai máis aló da mera representación teatral, ofrecendo ao público unha vivencia única e impactante.



NON PASARÁN

DE VANESA SOTELO E TITO ASOREY | DIRIXIDA POR TITO ASOREY

O EQUIPO



Vanesa Sotelo e Tito Asorey son os responsables da dramaturxia de ***Non Pasarán***. A súa colaboración comezou en 2021, cando gañaron o II Certame Manuel María de Proxectos Teatrais con *A lúa vai encuberta*, obra que tamén foi galardoada nos Premios María Casares. En 2022, traballaron xuntos en *Unha enemiga do pobo*, versión de Ein Volksfeind de Ibsen, que cultivou sete premios María Casares e un nomeamento aos Premios Max.

O estilo de Sotelo e Asorey caracterízase por ser un teatro comprometido cos cambios sociais e políticos do século XXI, e pola súa capacidade para dialogar con autores clásicos desde unha perspectiva contemporánea. A súa dramaturxia **procura axudar a comprender as contradicións da sociedade actual**, marcada por unha sobreabundancia de información e estímulos, crendo firmemente no teatro como un espello no que as persoas poden verse reflectidas, confrontar as súas realidades e traballar na súa mellora persoal e colectiva





Ártika Cía. é a compañía residente da Sala Ártika en Vigo, un espazo dedicado á creación teatral comprometida coa educación en valores e a promoción da cultura en galego.

Desde a súa creación no ano 2020, Ártika Cía. desenvolve propostas escénicas que contribúan á transformación da sociedade a través das artes escénicas, primando valores como a xustiza, a solidariedade, a empatía, a reflexión, o benestar e a tolerancia co fin de acadar unha maior cohesión social.

Un traballo dirixido a públicos de diferentes idades e caracterizado pola espectacularidade visual e a profundidade emocional, sempre co **obxectivo de levar ao espectador a unha viaxe persoal que transcenda a diversión.**



MARCOS ALONSO

Marcos Alonso é un actor, director e técnico de iluminación e son de gran traxectoria no ámbito teatral de Galicia. Cofundador da Sala Ártika de Vigo, un dos espazos da escena contemporánea máis importantes de Galicia, onde tamén exerce como programador e profesor da escola de teatro. Ademais, é cofundador das compañías Avento Producións e Inventi Teatro.

Desde 2014 participou como actor nunha ampla variedade de producións teatrais, destacando entre as máis recentes *Pum!Pum! quen hai?* (2024) con Ártika Cía.; *A Librería Máxica* (2024) con Inventi Teatro; *As Palabras Perdidas* (2023) con Inventi Teatro; *A Illa da Deslembanza* (2021) con Ártika Cía.; *A Gran Viaxe* (2020) con Inventi Teatro; *O Libro da Selva* (2020) con Avento Producións e *Polo Meu Aniversario: Superpoderes* (2019) con Avento Producións.

Asimesmo codirixiu unha decena de obras, entre elas *Pum!Pum! quen hai?* con Artika Cía.; *A Librería Máxica* e *As Palabras Perdidas* (2023) con Beatriz Campos; *Os Veciños do lado* (2023), e *A última cea* (2019), con Fernanda Barrio; ou *A tropa do Doutor Milagre* (2018) con Paulo Medal e Beatriz Campos.

Como técnico de iluminación e son creou as atmósferas de case unha veintena de pezas, como *A Librería Máxica*, *Os veciños do lado*, *As palabras perdidas*, *A Gran Viaxe*, *A última cea*, ou *A tropa do Doutor Milagre*, entre outras.





ROCÍO SALGADO

Rocío Salgado é unha actriz formada na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg), onde obtivo a súa titulación en 2014. Desde entón, construíu unha sólida carreira no mundo do teatro en diversos xéneros, desde o clásico ata a comedia musical. Ao longo dos anos complementou a súa formación actoral con interpretación fronte a cámara, comedia musical ou técnicas de iluminación e formouse con recoñecidos profesionais como Víctor Ullate, Ana Alcázar, Carlos Sedes e David Mur. Tamén explorou o mundo da dobraxe.

Ao longo da súa carreira, Rocío Salgado participou en numerosas producións teatrais, destacando: *O Mago de Oz* (2014-2021), *Hansel e Gretel* (2015-2021) e *Aladino e a lámpara marabillosa* (2017-2021), con Teatro Avento; *A Tempestade* (2012) coa Compañía Escénica da ESADg; *Cambio de Foco* (2020), coprodución entre Ártika Cía. e o Centro Dramático Galego; *Rosalía* (2021), producida por Culturactiva S. Coop.; *A illa da deslembanza* (2021) e *Mosca* (2022) con Ártika Cía. Recentemente, en 2024, participou nas producións *Vía morta* de Culturactiva e *Pum!Pum! quen hai?* de Ártika Cía.





FERNANDA BARRIO

Fernanda Barrio é unha actriz e directora de teatro arxentina, licenciada en Arte Dramática polo IMTA de Buenos Aires en 2003. O seu enfoque actoral combina unha sólida formación clásica con técnicas innovadoras que perfeccionou ao longo da súa carreira mediante cursos con profesionais como John Strasberg, Marcelo Katz e Manu Mansilla, e formándose en áreas como a manipulación de monicreques, o adestramento corporal e o traballo emocional do actor.

Con máis de 20 anos de experiencia, Fernanda Barrio participou como actriz en case unha treintena de producións. Entre as máis significativas e recentes temos *Pum! Pum! quen hai?* (2024), *Mosca* (2023) e *A Illa da Deslembanza* (2021) con Ártika Cía.; *Contra-Tiempo* (2023) e *Brújula II* (2022), de Calema Producciones en Madrid, *O Libro da Selva* (2020); ou *Polo meu aniversario superpoderes* (2019), *Aladino e a lámpara marabillosa* (2017), e os musicais *Hansel e Gretel* (2015) e *O mago de Oz* (2014) con Teatro Avento Produccións.

Ao longo da súa carreira docente, formou a decenas de estudantes, tanto en España como na Arxentina, e desde 2015, Fernanda está a cargo dos cursos de teatro para adultos, adolescentes e nenos na Escola de Interpretación da Sala de Teatro Ártika de Vigo, onde comparte a súa vasta experiencia con novas xeracións de actores e actrices.





MARTÍN MAEZ

O actor Martín Maez licenciouse en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) en 2011, continuando a súa formación con mestres como John Strasberg e Victor Duplá, cos que enriqueceu o seu enfoque creativo e permitiulle explorar diferentes técnicas actorais. Ao longo da súa carreira, participou nunha ampla variedade de producións teatrais e cinematográficas.

Nos últimos anos, Martín Maez participou en producións teatrais como *Mosca* (2022) e *A illa da deslembanza* (2021) con Ártika Cía.; *O libro da selva* (2020), con Teatro Avento Producións; *Cambio de foco* (2020), coprodución de Ártika co Centro Dramático Galego; *Ummm!! Unha comedia musical ... para chupar os dedos* (2019) con Teatro Avento, Premio ao Mellor Espectáculo Infantil nos XXIV Premios María Casares de 2020; ou *Apnea, un cadavre exquis*, que acadou o II premio ibérico de interpretación Marta Sieiro pola proposta coral.

Ademais do seu traballo no teatro, Martín participou en diversas curtametraxes, como *Rancor* (2015), *La felicidad es subjetiva* (2014) ou *Dmus* (2017), que foi galardoada co Mellor Elenco en Los Angeles Film Awards e os Actors Awards de Los Angeles.





FICHA TÉCNICA

Elenco: Marcos Alonso, Rocío Salgado, Fernanda Barrio e Martín Maez

Dirección: Tito Asorey

Asistencia de dirección: Anxo Fernández

Dramaturxia: Vanesa Sotelo e Tito Asorey

Diseño escenográfico e vestuario: Carlos Alonso

Diseño de iluminación: Laura Iturralde

Diseño de espazo sonoro: Xavi Bértolo

Voz en off: Melania Cruz

Producción: Anxo Fernández

Diseño gráfico: Patricia Portela (The Office Comunicación)

Fotografía: Vanessa Rábade (The Office Comunicación)

Contidos: Lucía Martínez (The Office Comunicación)

Videos promocionais: Jairo Iglesias



NON PASARÁN

Ártika Cía

Distribución

Rocío Salgado

627 165 468

rocio.salgado@artikavigo.com

www.artikavigo.com

